



Bases para a selección dunha persoa como técnica de biblioteca e arquivo do Museo do Pobo Galego

O Consello de Goberno da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego, entidade de carácter privado, acordou na súa xuntanza do 15 de marzo de 2023 convocar un concurso de méritos para a selección dunha persoa para o posto de técnica de biblioteca e arquivo do Museo do Pobo Galego, de acordo co seguinte procedemento e calendario.

1º. A convocatoria difundirase polo portal dixital do Museo do Pobo Galego e por correo electrónico ao Padroado e ás persoas socias do Museo.

2ª As solicitudes deberán entregarse ata o 31 de marzo de 2023 en formato dixital (arquivo .pdf) no enderezo electrónico contratacion@museodopobo.gal, ou fisicamente na administración do Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval s/n, Santiago de Compostela, nun lapis de memoria que poderá ir acompañado dunha copia impresa.

3º. Requisitos das persoas solicitantes:

Titulación universitaria superior relacionada coas funcións a desenvolver, con preferencia en biblioteconomía e documentación.

Acreditación documental do coñecemento do galego, lingua propia do Museo do Pobo Galego.

Serán méritos preferentes a experiencia profesional no ámbito da biblioteconomía e documentación, en especial o coñecemento, a colaboración e experiencia na biblioteca e arquivos do Museo do Pobo Galego.

4º. Documentación a presentar:

Xustificación documental dos requisitos esixidos nestas bases.

Documento facendo constar un correo electrónico a efectos de recibir as notificacións que poidan derivarse deste proceso.

Compromiso da persoa candidata de que, en caso de ser seleccionada, estará en condicións laborais e residenciais de asinar o contrato antes do 15 de maio.

Curriculum vitae con todos os datos persoais e académicos e todos os méritos que estime oportuno alegar sempre que estean documentados.

5º. Calendario do proceso:

20 de marzo: constitución da Comisión de Selección.

31 de marzo: remate da presentación de candidaturas.

10 de abril: publicación da lista de candidaturas admitidas e excluídas, e do baremo de valoración.

19 de abril: publicación da valoración das candidaturas admitidas.

24-26 de abril: entrevistas persoais, de ser necesarias.

27 de abril: resolución da Comisión de Selección.

3 de maio: aprobación polo Consello de Goberno.

4 de maio: comunicación pública da proposta de contratación.

6º. A Comisión de Selección (CS) estará formada por dous membros numerarios do Padroado, con preferencia que teñan experiencia en postos co perfil do concurso, o director do Museo do Pobo Galego, e estará presidida pola vicepresidenta do Padroado. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o secretario do Padroado. Se algunha persoa solicitante fose parente até terceiro grao dun integrante da CS, este deberá renunciar e será substituído por outro integrante do Padroado non incurso neste ou noutro tipo de incompatibilidade.



Unha vez constituída procederá á elaboración do baremo de valoración que será comunicado ás persoas candidatas aceptadas no momento da publicación das candidaturas admitidas.

- 7º. A CS avaliará os datos á súa disposición de cada candidatura, tomando as súas decisións por maioría dentro dos prazos establecidos. A presidenta terá voto de calidade en caso de empate.

Feita a primeira valoración das candidaturas, a CS poderá programar unha entrevista presencial como máximo das 5 persoas con maior puntuación. A inasistencia inustificada a esa entrevista implicará a renuncia a participar no concurso. De ser por forza maior, a CS poderá conceder unha segunda cita, pero sempre dentro do calendario establecido.

Rematado o proceso, o secretario redactará unha acta, que será asinada polos membros da CS, recollendo o nome da persoa proposta para o posto. Tamén poderá seleccionar unha suplente, ou varias con orde de prelación, por se fallase a principal polas causas que fosen. Esta acta será entregada ao Consello de Goberno que proceda ao seu nomeamento.

- 8º Unha vez ratificada a elección polo Consello de Goberno, será notificado o acordo a quen participaran na fase de entrevista e publicado no portal dixital do Museo do Pobo Galego.

- 9º. O contrato asinado será un contrato laboral indefinido cun período de proba de seis meses, nos que o Consello de Goberno poderá rescindilo discrecionalmente. Ata a xubilación da persoa que ocupa actualmente o posto, o contrato será de media xornada, transformándose nun contrato a tempo completo ao producirse esta xubilación.

O salario será o establecido cada ano para o Técnico Superior no Convenio de Oficinas e Despachos en vigor para a provincia de A Coruña repartidos en 14 pagas por xornada completa co horario establecido para os servizos técnicos do Museo. En todo o demais rexerese polo Convenio de Oficinas e Despachos ao que está acollido todo o persoal do Museo.

Para tomar posesión da praza, a persoa seleccionada terá que posuír a capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias da praza que se convoca, e acreditar todos os elementos alegados na solicitude coa documentación orixinal ou debidamente compulsada.

- 10ª. A participación neste proceso de selección implica a aceptación expresa das bases da convocatoria. Para calquera reclamación serán competentes os tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponder.

Ado. Fco. Javier Sanjiao Otero
Secretario do Padroado.

Visto e prace

Concepción Losada Vázquez
Presidenta